



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Cultura

Resolución da concesión definitiva das axudas correspondentes á convocatoria de subvención en concorrencia competitiva dirixida a artistas individuais destinadas ó apoio e estímulo á creación de proxectos culturais na cidade da Coruña, ano 2022

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, o día 14 de setembro de 2022, acordou autorizar o gasto e aprobar a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas á creación artística para artistas individuais e destinada ao apoio e estímulo á creación de proxectos culturais na nosa cidade, a realizar durante o exercicio 2022.

O importe desta convocatoria é de cento oitenta mil euros (180.000 €), gasto imputable á aplicación 10.334.48100 do Orzamento Municipal de 2022.

A convocatoria de subvencións publicouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) número 180, do 21 de setembro de 2022, e na BDNS (Identif.: 648715).

O prazo para a achega das solicitudes de quince (15) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP, foi do 22 de setembro ao 14 de outubro de 2022, ámbolos dous incluídos.

O Servizo Municipal de Cultura revisou todas as solicitudes achegadas polas persoas interesadas en participar na convocatoria das subvencións, e publicou no BOP número 203, do 26 de outubro de 2022, e na páxina web do Concello da Coruña, o trámite de emenda das solicitudes formuladas, de acordo co previsto na base 6.7 da convocatoria.

O prazo para emendar as solicitudes foi do 27 de outubro ao 10 de novembro de 2022, ámbolos dous incluídos.

Recibíronse inicialmente 49 solicitudes. Das ditas solicitudes, dúas non se poden atender. Unha das persoas solicitantes non cumpre o requisito do empadramento e a outra solicitude é extemporánea.

Rematado o trámite de emenda, catro persoas solicitantes non emendaron as deficiencias da solicitude achegada e, polo tanto, non cumpren os requisitos esixidos na convocatoria.

O Servizo Municipal de Cultura comprobou que o resto das persoas solicitantes, e de acordo cos datos que figuran nos expedientes relacionados, cumpren cos requisitos previstos na Lei Xeral de Subvencións para recibir unha subvención e, en concreto, están ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria da Administración do Estado, a Axencia Tributaria Galega, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e o Concello da Coruña.

Polo tanto, pasan a ser avaliados 43 proxectos.

O artigo 17 da Ordenanza Xeral de subvencións da Área de Benestar determina que en cada un dos Departamentos administrativos municipais que teñan atribuída a competencia para a xestión dos respectivos expedientes de subvencións, constituirase o órgano colexiado a que se refire o apartado 1 do artigo 22 da Lei Xeral de Subvencións encargado da avaliación das solicitudes, coa denominación de "Mesa de avaliación de subvencións". O citado órgano colexiado, unha vez avaliadas as solicitudes, debe emitir un informe non que se concrete o resultado da avaliación efectuada (artigo 24.4 da Lei Xeral de Subvencións).

Con data 11 de novembro de 2022 constituíuse a Mesa de avaliación, nomeada pola alcaldesa, da que se levanta acta. As persoas membros de dita mesa son:

Presidenta: Susana Martínez Portabales, xefa do servizo de Cultura.

Vogais do Servizo Municipal de Cultura: Eva Blanco Sánchez e Ana Martínez Arenaz.

Vogais representantes do sector cultural: Luís Pousa Meréns e Natalia Balseiro Rodríguez.

Secretaria: Raquel Vázquez Silva.

Tras varias reunións, e como resultado das deliberacións, o 18 de novembro de 2022 levántase acta na que se indican os criterios de avaliación seguidos para efectuala e emítese informe co resultado:

“Para a valoración tivéronse en conta os criterios establecidos na base 7.5 da convocatoria. A puntuación máxima a outorgar é de 100 puntos. Non serán obxecto de axuda os proxectos que non obteñan un mínimo de 30 puntos no criterio de calidade do proxecto e un mínimo de 50 puntos na valoración total.

Os puntos repartíronse en base aos seguintes criterios:

1. Calidade, innovación, creatividade e presentación do proxecto: ata 60 puntos.

A Comisión valorou os proxectos presentados polas persoas solicitantes en función da súa calidade, descrición, creatividade e innovación. Tívoise en conta a información aportada polo/a solicitante (descrición do proxecto, dossier, fotografías, etc.).

Outorgóuselle a cada proxecto un máximo de 60 puntos.

2. Relación ou vinculación coa cidade da Coruña: ata 5 puntos.

A Comisión tivo en conta a información aportada pola persoa solicitante dentro do proxecto no que respecta á relación do proxecto coa cidade da Coruña, a súa cultura, a súa historia, a súa identidade, os seus espazos públicos, a súa tradición, os seus fitos, os seus personaxes e/o seu medio natural e urbano.

Obtiveron mais puntos aqueles proxectos nos que se puido observar que tiñan maior relación coa cidade.

3. Creación artística previa: ata 10 puntos.

Neste apartado valorouse o currículo achegado pola persoa solicitante en canto á súa formación e experiencia profesional no eido artístico.

4. Plan de difusión do proxecto: ata 10 puntos.

Valoráronse os medios de difusión propostos polas persoas solicitantes (redes sociais, prensa, presentación en bibliotecas, centros cívicos, páxina web, prensa e medios internacionais etc.).

5. Emprego do idioma galego: 15 puntos.

En base ao acordo da Mesa, tendo en conta que non se puideron establecer subcriterios, outorgáronse 15 puntos naqueles expedientes nos que se utilizou a lingua galega en todas as actividades do proxecto, agás nos casos excepcionais nos que a singularidade do proxecto exixa usar de maneira parcial e complementaria outros idiomas, e para non desvirtuar o proxecto e a súa calidade e orixinalidade.

Pola contra, obtiveron 0 puntos aqueles expedientes onde non se empregou o galego.”

Das solicitudes avaliadas, só unha non acadou a puntuación mínima esixida polas bases no criterio de calidade do proxecto, ao entender a Mesa que, a pesar da elevada calidade e innovación do mesmo, non se adapta aos requisitos esixidos na convocatoria en canto á creación artística e non se aclaran as tarefas a desenvolver polo solicitante. Enténdense como un proxecto de formación mais que como un proxecto de creación artística. É por iso que o proxecto non acada a puntuación mínima requirida para continuar no proceso.

No Anexo achegado coa acta indícase a relación de proxectos que foron valorados pola Mesa e a puntuación outorgada, así como aqueles que non se someteron a valoración por incumprir algunha das bases da convocatoria ou por desistencia da persoa solicitante.

Logo de ver o informe da Mesa de avaliación, se formula a proposta de resolución provisional e o 21 de novembro de 2022 publicase mediante anuncio nos taboleiros e lugares de difusión indicados na base 8.3. Concédese un prazo de dez (10) días hábiles para realizar as alegacións que se estimen convenientes, de acordo co previsto na base 8.4 reguladora da convocatoria.

O período de alegacións foi do 22 de novembro ao 5 de decembro de 2022, ámbolos dous incluídos.

Rematado dito prazo, compróbase que un solicitante achegou escrito de alegacións á proposta de resolución provisional.

É por iso que o día 12 de decembro de 2022 reúnese de novo a Mesa de avaliación para dar resposta ás mesmas e levántase Acta onde se propón:

“Alegacións do solicitante con nº de expediente C11/2022/522:

O interesado no seu escrito de data 05.12.2022, contra as puntuacións outorgadas pola Mesa alega o seguinte:

“Despois da revisión das puntuacións recibidas quiera solicitar a revisión da puntuación dos seguintes ítems:

1.- Calidade, innovación, creatividade; o feito de estarmos a falar de Teatro Documento e conferencia performática como género que hoje en día sonos máis en tendencia de creación a nivel internacional.

3.- Creación artística previa; O feito de vir de ser codirector do espectáculo premiado co María Casares (“Os netos da varíola”) acabar de estrear a coprodución co CDG “Relato para un incendio” dirixindo este espectáculo ganador do premio de concurso por competencia “Bolsa de creación” do CDG.

4.- Plan de difusión; Entender que a difusión en medios e rrss son os camiños para a promoción da arte hoxe en día, e considerando a impresión de folletos e similares como perxudiciais para o medioambiente.”

A Mesa de Avaliación indica que esta subvención outórgase por concorrencia competitiva. A avaliación lévase a cabo a través dunha revisión xeral e inicial de tódolos expedientes, que servirá de referencia, e, en base a unha comparativa entre tódalas solicitudes, outórgase unha valoración definitiva.

Con respecto a cada un dos puntos alegados polo solicitante, nos criterios 1 e 3, a Mesa confirma que a información alegada xa estaba a disposición na documentación achegada coa solicitude e que xa se tivo en conta na valoración publicada.

Con respecto ó criterio 4, a Mesa revisa o plan de difusión presentado polo solicitante e considera que xa foi convenientemente valorado, tendo en conta que as publicacións en redes sociais é o plan de difusión mais habitual, e que se valoran especialmente outras vías de difusión ademais desta.

En consecuencia, a Mesa estuda a solicitude de revisión do solicitante, e en vista de que non desvirtúan a valoración anterior, acorda manter a puntuación obtida inicialmente e considera que procede desestimar a súa alegación.”

Dentro do período de alegacións, e segundo indica a base 7.8, “en caso de importe remanente, de maneira excepcional e só neste caso, permitírase a reformulación da solicitude que no informe ocupe o primeiro posto entre os proxectos sen dereito a axuda, segundo a valoración obtida, de tal modo que o solicitante poida adaptar, se o estima conveniente, a súa solicitude ao importe remanente.”

De acordo co indicado na proposta de resolución provisional, o importe total concedido ascende a 173.044,23 €, quedando un remanente de 6.955,77 €. Establece ademais que a persoa solicitante co proxecto “Univers@s diversas”, número de expediente CI1/2022/542, ten a posibilidade de reformular a súa solicitude para axustar o orzamento ó importe remanente. O día 25 de novembro de 2022 achega a súa aceptación, xunto coa reformulación do orzamento ao importe sobrante de 6.955,77 €.

Despois deste trámite, non queda remanente.

Tal e como se establece no punto 5 da base 8, “examinadas as alegacións achegadas, o órgano competente formulará a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar a relación de solicitantes que cumpren os requisitos necesarios para os que se propón a concesión da axuda, o seu importe, a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectiva.”

Tendo en conta o anteriormente exposto, fórmase a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA

Primeiro.- Vistas as alegacións contra a proposta de resolución provisional, **desestimar as seguintes alegacións** polos motivos indicados:

Alegacións do solicitante con nº de expediente CI1/2022/522:

O interesado, no seu escrito de data 05.12.2022, contra as puntuacións outorgadas pola Mesa alega o seguinte:

“Despois da revisión das puntuación recibidas quiera solicitar a revisión da puntuación dos seguintes ítems:

1.- Calidade, innovación, creatividade; o feito de estarmos a falar de Teatro Documento e conferencia performática como género que hoje en día sonos máis en tendencia de creación a nivel internacional.

3.- Creación artística previa; O feito de vir de ser codirector do espectáculo premiado co María Casares (“Os netos da varíola”) acabar de estrear a coprodución co CDG “Relato para un incendio” dirixindo este espectáculo ganador do premio de concurso por competencia “Bolsa de creación” do CDG.

4.- Plan de difusión; Entender que a difusión en medios e rrss son os camiños para a promoción da arte hoxe en día, e considerando a impresión de folletos e similares como perxudiciais para o medioambiente.”

A Mesa de Avaliación indica que esta subvención outórgase por concorrencia competitiva. A avaliación lévase a cabo a través dunha revisión xeral e inicial de tódolos expedientes, que servirá de referencia, e, en base a unha comparativa entre tódalas solicitudes, outórgase unha valoración definitiva.

Con respecto a cada un dos puntos alegados polo solicitante, nos criterios 1 e 3, a Mesa confirma que a información alegada xa estaba a disposición na documentación achegada coa solicitude e que xa se tivo en conta na valoración publicada.

Con respecto ó criterio 4, a Mesa revisa o plan de difusión presentado polo solicitante e considera que xa foi convenientemente valorado, tendo en conta que as publicacións en redes sociais é o plan de difusión mais habitual, e que se valoran especialmente outras vías de difusión ademais desta.

En consecuencia, a Mesa estuda a solicitude de revisión do solicitante, e en vista de que non desvirtúan a valoración anterior, acorda manter a puntuación obtida inicialmente e considera que procede desestimar a súa alegación.

Segundo.- Aceptar a renuncia para participar na presente convocatoria, por non atender ao requirimento de emenda publicado no BOP núm. 203, do 26 de outubro de 2022, de conformidade coa base 6.7 da convocatoria, dos solicitantes e para os proxectos que abaixo se indican:

Nº EXPEDIENTE	NIF	PROXECTO	OBSERVACIÓNS
CI1/2022/491	46915014M	MASAKARI	Non emenda a solicitude. Base 6.7.
CI1/2022/508	47351662K	LOIRUS REX NA REDE	Non emenda a solicitude. Base 6.7.
CI1/2022/535	47368955H	LEFRENK LIVE A/V 2022	Non emenda a solicitude. Base 6.7.
CI1/2022/557	53305150M	CHORIMA	Non emenda a solicitude. Base 6.7.

Terceiro.- Declarar a inadmisión a trámite da seguinte solicitude por achega fóra do prazo establecido na convocatoria:

Nº EXPEDIENTE	NIF	PROXECTO	OBSERVACIÓNS
CI1/2022/555	71516818C	O COIDADADO	Solicitude extemporánea. Base 6.3.

Cuarto.- Desestimar a seguinte solicitude polo motivo que se indica:

Nº EXPEDIENTE	NIF	PROXECTO	OBSERVACIÓNS
CI1/2022/527	46917624Q	VINTE. VISIÓNS, SOÑOS, SONS E MENTIRAS	Incumpe o requisito de empadroamento. Base 3.1.1.

Quinto.- Conceder definitivamente as subvencións correspondentes á convocatoria de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, á creación artística, dirixida a artistas individuais e destinada ao apoio e estímulo á creación de proxectos culturais na nosa cidade a realizar durante o exercicio 2022, polo importe de cento oitenta mil euros (180.000 €) e **comprometer o gasto** a favor de cada unha das seguintes persoas solicitantes, que cumpren todas as condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases reguladoras para adquirir a condición de persoa beneficiaria, polos importes indicados na seguinte táboa e en base aos criterios de avaliación (CRIT.) indicados na bases reguladoras da convocatoria:

Nº EXPEDIENTE	NIF	PROXECTO	IMPORTE €	CRIT. 1	CRIT. 2	CRIT. 3	CRIT. 4	CRIT. 5	TOTAL PUNTOS
CI1/2022/520	76622106K	NON ABRIR ATA O MOMENTO DE UTILIZALA	10.000,00	55	5	10	10	15	95
CI1/2022/523	46896140Z	PROCESO DE INVESTIGACIÓN ESCÉNICA"VILLAMISERIA"	6.600,00	60	2	10	7	15	94
CI1/2022/517	47385275P	BLUES DE MEDIANOITE. Versión extendida.	9.955,00	55	3	8	10	15	91
CI1/2022/525	32845428W	TRAS O CRISTAL	10.000,00	55	5	8	8	15	91
CI1/2022/533	76932267G	CONTRA A PAREDE	10.000,00	50	5	10	10	15	90
CI1/2022/547	32685897E	XERME	10.000,00	60	0	4	10	15	89
CI1/2022/472	46917482N	PEGADAS	5.250,00	55	0	8	10	15	88
CI1/2022/545	32830278D	O ENTRELAZAMENTO	10.000,00	55	5	8	5	15	88
CI1/2022/502	46897446D	O PUNTO IMPROPIO	9.305,00	50	2	10	10	15	87
CI1/2022/513	53165696T	DISEÑOS EXPANDIDOS	8.125,00	50	5	10	6	15	86
CI1/2022/509	32833735Q	CANDO CAROLINA BAILA...	9.063,00	50	5	8	7	15	85
CI1/2022/510	46900072J	MATERIA POÉTICA. VERSOS NA PAISAXE SONORA DA CORUÑA	6.237,50	50	5	10	5	15	85
CI1/2022/549	46913352E	CASA-REFUXIO MARÍA OTERO	6.853,23	50	5	7	8	15	85
CI1/2022/524	32835993C	PROXECTO ÍCARO (2). INVESTIGAC E CREACIÓN MUSICAL NO ESPAZO URBANO	9.468,00	50	5	7	6	15	83
CI1/2022/534	47351825T	ALERTA EN EL ORZÁN	10.000,00	50	5	8	5	15	83

Nº EXPEDIENTE	NIF	PROXECTO	IMPORTE €	CRIT. 1	CRIT. 2	CRIT. 3	CRIT. 4	CRIT. 5	TOTAL PUNTOS
CI1/2022/540	32814466K	AS AVENTURAS DE NABIZA GIRL	10.000,00	50	5	8	5	15	83
CI1/2022/544	54151675S	ESMOLA	10.000,00	50	5	7	6	15	83
CI1/2022/550	53165057M	PUBLICACIÓN DE CATÁLOGO DE ARTE INTERACTIVO	8.262,50	48	5	9	6	15	83
CI1/2022/521	32799233Z	CODIGOS EDICION	10.000,00	50	5	10	2	15	82
CI1/2022/548	44840918A	DOBREZ	3.925,00	50	2	7	8	15	82
CI1/2022/542	Y0044451Y	UNIVERS@S DIVERSAS	6.955,77	50	4	7	5	15	81

O importe total do gasto comprometido ascende a 180.000,00 euros, o que supón a totalidade do gasto autorizado, imputado á aplicación 10.334.48100 do orzamento municipal de 2022.

Sexto.- Non conceder axudas ós seguintes solicitantes por esgotarse o crédito dispoñible:

Nº EXPEDIENTE	NIF	PROXECTO	IMPORTE €	CRIT. 1	CRIT. 2	CRIT. 3	CRIT. 4	CRIT. 5	TOTAL PUNTOS
CI1/2022/551	47832694P	TENTATIVA DE ESGOTAMENTO DUN LUGAR MONTEALTINO	6.005,22	43	5	9	8	15	80
CI1/2022/516	53168162M	A FIESTRA MÁXICA	6.495,00	45	3	10	6	15	79
CI1/2022/522	32837955G	PAPAGAIO	10.000,00	45	5	7	7	15	79
CI1/2022/532	02899615M	SERIE II_ ARCAICA	7.512,50	50	2	4	8	15	79
CI1/2022/478	47376825E	EXPOSICIÓN INDIVIDUAL "VESTIXIOS VEXETAIS" CON ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS NA GALERÍA GRELERÍA	5.760,00	45	5	8	5	15	78
CI1/2022/530	32451803E	RETRATOS E BESTIARIOS	4.791,62	50	0	10	2	15	77
CI1/2022/537	46900071N	"EPHEMEROS" CICLO CULTURAL	9.965,00	45	2	9	6	15	77
CI1/2022/501	32800668T	OS ECOS	10.000,00	45	2	8	6	15	76
CI1/2022/543	33296983K	PEQUENA FAUNA DO CANTIGUEIRO DE COTOBADÉ	5.350,00	45	0	10	6	15	76
CI1/2022/528	52493964Y	A PEL PEGADA O ÓSO	4.850,00	50	2	8	0	15	75
CI1/2022/539	47362100V	O MEU XEITO	4.851,88	45	0	9	5	15	74
CI1/2022/477	34899474X	CREACIÓN, PRODUCCIÓN E PROMOCIÓN DA CONTINUIDADE DO PROXECTO MUSICAL PAVA	5.125,00	40	3	6	9	15	73
CI1/2022/507	47435129K	CANTOMETRICS: A VIAXE GALEGA DE ALAN LOMAX E JEANETTE BELL	10.000,00	45	1	7	5	15	73
CI1/2022/526	46906697Z	LUCES E TEBRAS	4.500,00	40	5	5	8	15	73
CI1/2022/552	32784255D	ELABORACIÓN DUN GUIÓN PARA DOCUMENTAL AUDIOVISUAL SOBRE OS XORNALISTAS CORUÑESES OLGA CRISTINA VIAÑO E ÁNGEL PADÍN	6.512,64	40	5	10	2	15	72
CI1/2022/493	32817891L	PRODUCCIÓN DA MONTAXE "MEDEA" PARA OS CIRCUITOS DE TEATRO CLÁSICO XUVENIL	8.000,00	40	3	8	5	15	71
CI1/2022/498	44458227D	"CIUDADANO GAME" A EXPOSICIÓN	5.211,84	40	5	4	6	15	70
CI1/2022/538	32791533L	MONODRAMAS NA ESCURIDADE - TEATRO MÍNIMO AMBULANTE	3.562,00	40	2	7	6	15	70
CI1/2022/492	47365883M	CASA DE LAS CIENCIAS: EL SONIDO DEL UNIVERSO	5.965,00	40	3	6	5	15	69
CI1/2022/541	47384893V	CIANEA	5.000,00	40	2	7	3	15	67
CI1/2022/531	32821366K	CASANOVA DE EIRIS	10.000,00	30	5	3	2	15	55

Sétimo.- Non conceder a axuda ao seguinte proxecto por non obter un mínimo de 30 puntos no criterio de valoración do proxecto, de conformidade coa base 7.4 da convocatoria:

Nº EXPEDIENTE	NIF	PROXECTO	IMPORTE €	CRIT. 1	CRIT. 2	CRIT. 3	CRIT. 4	CRIT. 5	TOTAL PUNTOS
CI1/2022/546	53301686Z	CAMPUS INTERSECCIÓN	10.000,00	20	5	7	5	15	52

Oitavo.- Esta resolución terá o carácter de definitiva de acordo co establecido na base 8.6 da convocatoria e será publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP), no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello da Coruña, así como na páxina web do Servizo de Cultura. Indícase na Base 8.7 que a notificación será substituída pola publicación no BOP ao tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, fornecendo os mesmos efectos. As persoas interesadas que son propostas como beneficiarias, se entende que aceptan a axuda concedida ao non achegar alegacións contra a proposta de resolución provisional.

A resolución do procedemento pon fin á vía administrativa e contra a mesma cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Con todo, as persoas interesadas poderán, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición, ante o propio órgano que ditou a resolución, no prazo de un (1) mes. Neste caso, o prazo para a achega do recurso contencioso administrativo comezará a contar desde a notificación da resolución expresa do recurso.

No caso de desestimación presunta, que se producirá no prazo dun mes se non se resolvese o recurso de reposición interposto, a interposición do recurso contencioso-administrativo non estará suxeita a prazo de caducidade.

A Coruña a 15 de decembro de 2022

A xefa do servizo de Cultura

Susana Martínez Portabales

2022/7965